



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello da Peroxa para a execución do proxecto denominado substitución de cadros eléctricos para mellora da eficiencia enerxética na rede de luz pública en diversas parroquias do Concello da Peroxa

## 1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

## 2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ten previsto asinar co Concello da Peroxa un convenio para a execución do proxecto denominado substitución de cadros eléctricos para mellora da eficiencia enerxética na rede de luz pública en diversas parroquias do Concello da Peroxa.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 30 de decembro de 2020 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).



Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

### 3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello da Peroxa o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2021.

### 4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello da Peroxa para a execución do proxecto denominado substitución de cadros eléctricos para mellora da eficiencia enerxética na rede de luz pública en diversas parroquias do Concello da Peroxa.

### 5. Fundamentos do convenio

O Concello da Peroxa manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para acometer o proxecto denominado Substitución de cadros eléctricos para mellora da eficiencia enerxética na rede de luz pública en diversas parroquias do Concello da Peroxa que ten como obxecto realizar as actuacións necesarias para a adaptación dos cadros de mando e protección ás luminarias de tecnoloxía LED, instaladas na rede de luz pública de varios núcleos do concello.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopa a rede de luz pública en distintos núcleos do concello, a consecuencia das obras de substitución das luminarias convencionais por luminarias tipo *led*. Coa entrada en funcionamento do novo sistema de luz pública púxose de manifesto a necesidade de dimensionar os cadros de mando existentes ás novas esixencias das luminarias *led*, xa que desde entón son frecuentes as avarías, co consecuente custo de mantemento e reposición. De aí que se evidenciase a necesidade de substituír os cadros existentes por outros cadros de mando monofásicos tipo I, facer a acometida monofásica e proceder á colocación dos armarios de medida de enerxía eléctrica, que permitan o funcionamento das lámpadas *led* xa instaladas, con plenas garantías.

Esta actuación considérase urxente dado que, pola frecuencia das avarías, non se está a prestar un servizo de luz pública en condicións debidas, causando malestar na veciñanza afectada e incremento económico dos custos de mantemento pola frecuente reposición de luminarias para responder ás avarías sinaladas.

Desde o punto de vista da elixibilidade do proxecto, estamos ante unha actuación de mellora da eficiencia enerxética da rede de luz pública municipal, que responde aos criterios ou obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Primeira e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello da Peroxa de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.



Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiadas de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente*.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello da Peroxa.

## 6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Administración Local, alcanzará a cantidade máxima de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 75,00 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 39.999,30 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigos 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso  
(*documento asinado electronicamente*)